

# Informe sobre a situación da lingua galega

**2023**



# Índice

1	<b>1. Introducción</b>
3	<b>2. Datos sociolingüísticos</b>
7	<b>3. Incumprimentos do articulado da Carta</b>
7	Artigo 8 <b>Educación</b>
14	Artigo 9 <b>Autoridades xudiciais</b>
17	Artigo 10 <b>Autoridades administrativas e servizos públicos</b>
24	Artigo 11 <b>Medios de comunicación</b>
29	Artigo 12 <b>Actividades culturais e equipamentos</b>
30	Artigo 13 <b>Vida económica e social</b>
33	Artigo 14 <b>Intercambios transfronteirizos</b>

# 1 Introducción

O Estado español ratificou en 2001 a súa adhesión á Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas. Desde entón sucedéronse avaliacións do Comité de expertos e recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa respecto ao seu cumprimento.

No último, 11 de decembro de 2019, baseándose no sinalado polo Comité de expertos, o Comité de ministros<sup>1</sup>, insistía en cinco cuestións, catro das cales afectaban directamente á lingua galega:

1. **Emenden a Lei Orgánica do Poder Xudicial, para garantir a utilización das linguas cooficiais nos procedementos xudiciais a solicitude dunha das partes;**
2. **Melloren a utilización das linguas cooficiais na administración do Estado nas Comunidades Autónomas;**
3. **Supriman as limitacións do ensino en galego en Galiza, e en valenciano/catalán en Valencia;**
4. **Inclúan os nomes das linguas contempladas na parte II nos Estatutos de Autonomía das Comunidades Autónomas nas que se falan estas linguas, nos casos en que aínda non se inclúsen.**

Como indicaremos neste informe, non se produciron polo momento avances significativos conducentes a aplicar as recomendacións, agás os compromisos acadados entre as forzas políticas que deron apoio ao actual goberno e só no relativo á administración territorial do Estado sen se ter concretado en nengunha acción.

A pesar da longa traxectoria da Mesa pola Normalización Lingüística a prol do recoñecemento de todos os dereitos para as persoas galegofalantes, ningún destes órganos se dirixiu nunca a ela nin se mantivo ningún encontro cos seus representantes. Neste período A Mesa si se dirixiu aos diferentes Ministerios tanto para procurar solucións a problemas concretos en relación ao uso do galego como solicitando encontros cos seus responsábeis, nomeadamente co Ministerio de Administracións Públicas e Política Territorial.

Esta negativa do goberno español a recibir representantes de entidades sociais a favor do galego, mantense aínda que A Mesa pola Normalización Lingüística impulsou diferentes iniciativas no Congreso dos Deputados en relación aos dereitos lingüísticos e a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas.

O informe do Estado fai mención ao Consello de Linguas, indicando que mantivo 4 reunións no período 2017-2022. Porén, non recibimos información directa do tratado nestes encontros.

Nin sequera neste período foi posíbel o contacto coa oficina das linguas, a pesar das solicitudes presentadas diante do Ministerio en cuxo organigrama se encontra e dos intentos por establecer o contacto, infrutuosos ao non recibirmos resposta nin se encontraren datos sobre esta oficina na páxina web do ministerio.

---

<sup>1</sup> «Recommendation CM/RecChL(2019)7 of the Committee of Ministers to member States on the application of the European Charter for Regional or Minority Languages by Spain». <https://rm.coe.int/0900001680993e63>.

A relación coa Xunta de Galiza non é diferente. A pesar de varias solicitudes feitas para presentar a proposta de bases para a normalización da lingua galega no ensino, que garante o cumprimento da Lei estatal e das recomendacións do Consello de Europa e conta coa aval da maioría da representación da comunidade educativa, o goberno galego négase a que lle sexa presentada calquera proposta. Esta actitude chegou ao Parlamento de Galiza onde, a instancias do executivo autonómico, a Comisión de Educación rexeitou a comparecencia<sup>2</sup> da Mesa pola Normalización Lingüística, solicitada polos grupos parlamentares da oposición, baixo o argumento de non ser parte do goberno nen un órgano consultivo, un criterio que non se ten aplicado noutras lexislaturas.

---

<sup>2</sup> «A comunidade educativa pídelo ao PP que levante o veto á lingua e que dialogue sobre a normalización do galego no ensino». 25/2/2021.

<https://www.amesa.gal/noticias/a-comunidade-educativa-pidelle-ao-pp-que-levante-o-veto-a-lingua-e-que-dialogue-sobre-a-normalizacion-do-galego-no-ensino/>.

## 2 Datos sociolingüísticos

O galego pertence ao sistema lingüístico galego-portugués. É a lingua propia de Galiza, territorio onde se orixinou. Desde o século xv comeza un proceso de substitución lingüística e imposición do castelán que leva aparelhada a exclusión do galego e que se acentuará a medida que se consolida o Estado nos séculos XIX e XX. Relegada ao ámbito privado, manterase como lingua maioritaria da sociedade galega até a actualidade. A presión social a favor da súa normalización conseguirá a declaración legal como lingua propia e oficial no Estatuto de autonomía en 1981<sup>3</sup>.

O galego fálase en catro territorios onde o galego é lingua propia (Galiza, Eo-Navia (Asturias), Bierzo e Sanabria (Castela e León) e o val do Xálama (Estremadura) todos no Estado español. Galiza e Castela León son os únicos territorios no que o galego ten recoñecemento estatutario, tendo en Galiza o recoñecemento de lingua oficial e figurando como lingua de especial protección no Estatuto de Castela e León. Porén, o goberno galego mantén unha actitude belixerante contra o seu idioma desde 2009, e en Castela e León non existe ningún recoñecemento práctico da aplicación obrigada da Carta segundo o contemplado no instrumento de ratificación da Carta polo Estado español en 2001.<sup>4</sup>

Os gobernos de Asturias e Estremadura son contrarios ao recoñecemento e uso da lingua galega e por tanto contrarios á aplicación da Carta no que atinxe ao galego nos seus territorios de fala galega. No caso de Asturias, o galego conta con réxime de protección da Lei 1/1998, de 23 de marzo, de uso e promoción do asturiano (art. 2). No entanto, o actual goberno autonómico continúa a se referir ao galego falado en Asturias como Eo-Naviego, denominación que mantén o Estado no seu informe malia acompañala do nome galego asturiano e recoñecer que é unha variante pertencente ao sistema lingüístico galego-portugués (páxina 149).

Se ben nesta ocasión, a diferenza do informe presentado ao Consello no 2018, os datos respecto o uso do galego que presenta o Estado no seu informe, son os indicados polo Instituto Galego de Estatística, o mesmo estudo sinala unha evolución negativa no número de falantes que non se pode obviar.

Para termos unha visión sobre a evolución no uso do galego cumpriría cruzar os datos con estudos anteriores para ver cal é a evolución. A comparación dos datos da RAG, co seu *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (volumes de 1992 e 2004) como o estudo do Consello da Cultura Galega (A evolución sociolingüística 1992-2008), no que se analisaban os datos do IGE de 2009, xunto cos datos do IGE de 2014 e os referenciados polo estado no seu informe (IGE 2019)<sup>5</sup> e Prácticas e

---

<sup>3</sup> Estatuto de Autonomía de Galiza. <https://www.xunta.gal/estatuto/titulo-preliminar>.

<sup>4</sup> «Instrumento de ratificación da Carta Europea de linguas rexionais e minoritarias». [http://www.seap.minhap.gob.es/dms/es/areas/politica\\_autonomica/coop\\_autonomica/Oficina\\_Lenguas\\_Oficiales/Documentacion/parrafo/05/text\\_es\\_files/CARTA-EUROPEA-DE-LENGUAS-REGIO.pdf](http://www.seap.minhap.gob.es/dms/es/areas/politica_autonomica/coop_autonomica/Oficina_Lenguas_Oficiales/Documentacion/parrafo/05/text_es_files/CARTA-EUROPEA-DE-LENGUAS-REGIO.pdf).

<sup>5</sup> Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego. Instituto Galego de Estatística, 2019. [https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004).

actitudes da mocidade en Galicia (Consello da Cultura Galega, 2017)<sup>6</sup>. Todos estes datos evidencian que desde 1992 (data do primeiro estudo fiable) até hoxe, o proceso de substitución lingüística do galego polo castelán segue avanzando de xeito sostido e continuo, por mor da perda de transmisión interxeracional (de pais e nais a fillos/as) e tamén pola perda intraxeracional.

O único dato abertamente positivo que reflicten, a mellora inequívoca das competencias lingüísticas autopercibidas, explícase facilmente polo punto de partida que reflicten os primeiros estudos, nos que as xeracións máis vellas estaban escasamente alfabetizadas ou estábano nunha época na que o ensino do galego na escola estaba prohibido.

A introdución do galego no sistema educativo desde hai 40 anos mellorou sen dúbida os índices de alfabetización, a capacidade de ler e escribir en galego, mais non evitou por si o descenso en falantes. O alto índice de comprensión do galego explícase exclusivamente por ser a lingua propia de Galiza, aínda hoxe maioritaria e con certa presenza social alén da actitude dos poderes públicos.

O informe do Estado sinala que o maior descenso de galego-falantes prodúcese en maiores de 45 anos. Porén, se observarmos os datos do IGE (táboa adxunta) veremos como a perda de falantes é continuada a medida que desce a idade, e nunha evolución continua de 2003 a 2013 con algunha excepción no período 2003-2008.

Todas as investigacións sinalan a forte caída no uso da lingua galega, que en dez anos se duplicou o número de persoas que nunca o utilizan e que na xente nova das principais cidades galegas o uso do idioma propio do país é algo residual.<sup>7</sup>

#### Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente (%)<sup>8</sup>

	2003	2008	2013	2018
<b>En galego sempre</b>				
De 5 a 14 anos	27,10	15,26	13,20	14,27
De 15 a 29 anos	28,49	18,59	19,78	18,94
De 30 a 49 anos	36,63	22,06	23,07	23,66
De 50 a 64 anos	51,16	34,26	35,42	32,78
De 65 ou máis anos	66,11	52,90	52,74	48,48
<b>Máis galego ca castelán</b>				
De 5 a 14 anos	13,23	20,87	11,91	11,85
De 15 a 29 anos	17,25	24,37	16,91	18,45
De 30 a 49 anos	20,17	26,59	20,90	20,64
De 50 a 64 anos	21,91	32,67	24,22	25,35
De 65 ou máis anos	15,76	25,60	21,08	24,91

A competencia lingüística autopercibida non se pode equiparar plenamente nin ao uso nin á competencia real que só se pode demostrar coa práctica. En relación a isto, o estudo do IGE indica claramente unha tendencia a maior incapacidade de falar galego a medida que diminúe a idade. Estamos, portanto, diante dun problema de perda da transmisión interxeracional, imprescindible para manter a lingua, que o sistema educativo non pode manter.

<sup>6</sup> Prácticas e actitudes da mocidade en Galicia. Consello da Cultura Galega. 2017. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4293>.

<sup>7</sup> IGE 2019: Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Datos por tamaño de municipio. [http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2957&R=0\[3\];1\[0:1:2:3\]&C=2\[0\];3\[all\]&F=&S=998:12&SCF=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2957&R=0[3];1[0:1:2:3]&C=2[0];3[all]&F=&S=998:12&SCF=).

<sup>8</sup> IGE 2019: Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. [https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0206004&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2953&R=0\[all\]&C=1\[all\];3\[all\]&F=2:0;9912:12&S=&TI=1](https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0206004&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2953&R=0[all]&C=1[all];3[all]&F=2:0;9912:12&S=&TI=1).

Esta evolución é perfectamente visíbel na gráfica que acompaña o informe do Estado que mostra un pirámide de falantes invertida, sen posibilidade de recuperación pola transmisión xeracional normal.

### Persoas que saben falar galego. Datos por idade (%)<sup>9</sup>

	2003	2008	2013	2018
<b>De 5 a 14 anos</b>				
Moito	56,98	45,02	40,08	38,03
Bastante	25,08	38,61	37,22	38,07
Pouco ou nada	17,94	16,36	22,70	23,90
<b>De 15 a 29 anos</b>				
Moito	69,99	59,60	60,27	63,01
Bastante	22,07	29,83	27,90	27,15
Pouco ou nada	7,95	10,57	11,83	9,84
<b>De 30 a 49 anos</b>				
Moito	65,72	52,29	59,14	61,06
Bastante	21,78	34,57	27,11	26,73
Pouco ou nada	12,50	13,15	13,74	12,21
<b>De 50 a 64 anos</b>				
Moito	70,78	54,16	56,39	56,22
Bastante	19,67	36,19	29,89	32,09
Pouco ou nada	9,55	9,66	13,82	11,69
<b>De 65 ou máis anos</b>				
Moito	70,75	55,55	59,73	58,54
Bastante	21,32	37,50	31,39	32,62
Pouco ou nada	7,93	6,95	8,87	8,84
<b>Total</b>				
Moito	67,94	54,13	57,31	57,59
Bastante	21,63	35,02	29,62	30,46
Pouco ou nada	10,43	10,85	13,07	11,95

Variables de corte: Espazo = Galiza. Variables en filas: Idade, Sabe falar galego. Variables en columnas: Sexo, Medidas, Tempo

A baixada no número de falantes explícase principalmente por dous factores:

1. Non houbo unha política activa de corrección das causas históricas de desprestixio social do galego e pola contra mantéñense vellos prexuízos, en ocasións, co amparo da administración pública.
2. Existe unha imposibilidade práctica de utilización e disposición normal da lingua galega en moitos ámbitos, nalgúns casos vulnerando a lexislación galega, estatal e a propia Carta europea, e noutros por manterse vixente a lexislación que outorga superioridade ao castelán.

As políticas lingüísticas que maioritariamente se levan aplicando nestes 40 anos non están a funcionar para garantir a recuperación do galego e mantense a súa exclusión da maior parte de ámbitos de uso.

<sup>9</sup> IGE 2019, Persoas que saben falar galego por idade.

[https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0206004&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2939&R=0\[all\];1\[all\]&C=2\[2\];3\[0\];4\[all\]&F=&S=998:12&SCF=.](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0206004&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2939&R=0[all];1[all]&C=2[2];3[0];4[all]&F=&S=998:12&SCF=)

A negativa da Xunta de Galiza por recoñecer dereitos recollidos na Carta, plasmouse en 2017 no voto en contra no Parlamento de Galiza a tomar en consideración a Iniciativa lexislativa popular para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico que pretendía dotar de contido real e práctico ao plan de dinamización do galego no tecido socioeconómico da propia Xunta de Galiza. Esta ILP contou co apoio de 30 000 sinaturas e co voto a favor de todos os grupos parlamentares agás o que sostén ao goberno galego.

A diferenza do cuarto informe, e tal e como aconteceu no quinto, o Estado non informa sobre a drástica redución dos orzamentos da SXPL durante o período de referencia. Pasouse dos 21,77 millóns de euros orzamentados en 2009 aos 10,9 millóns para 2023. Un recorte da metade do presuposto e que, orzamento após orzamento, o actual Executivo foi labrando desde 2009. Desde aquel ano, a partida máis alta de normalización lingüística foi en 2021, con 17 millóns de euros, catro millóns menos que en 2009. Esta situación non é explicábel nin xustificábel polo contexto económico xa que ningún outro departamento da Xunta sufriu recortes comparábeis.

A motivación é claramente política e programática. O afogamento dos recursos económicos é, xunto coa iniciativa política e lexislativa, outro dos piares da política hostil contra o galego que desenvolve este goberno.

A respecto do amparo legal á utilización do galego cómpre indicar que para máis de 500 disposicións legais que amparan ou obrigan ao uso do castelán, o galego conta apenas cunha ducia, que distan moito de se aplicaren e respectaren como se sinalan nos sucesivos informes que a nosa entidade emite anualmente sobre vulneracións dos dereitos lingüísticos, através da Liña do Galego, servizo público de asesoramento, queixas e parabéns emprestado pola Mesa pola Normalización Lingüística sen ningún tipo de axuda da administración estatal ou autonómica.

Esta lexislación ademais non é suficiente para cumprir coas expectativas sinaladas na Carta.

Vulnérase tamén o *artigo 6* da Carta, ao negar ante a cidadanía información sobre os dereitos e deberes estabelecidos por ela. Particularmente, a Xunta négalle aos pais e ás nais que queren educar os seus fillos e fillas en galego información sobre o amparo legal que a Carta lles ofrece a este respecto.

As consecuencias desta vulneración só son mitigadas por servizos de consultas e queixas como A Liña do Galego<sup>10</sup> xestionado pola Mesa pola Normalización Lingüística sen colaboración do goberno estatal ou autonómico e que publica un informe anual sobre a súa actividade. Este informe e todos os publicados sobre ámbitos diversos son remitidos a diversas institucións entre as que se atopan a Secretaría Xeral de Política Lingüística, departamento público con responsabilidades en lingua, e os grupos parlamentares galegos. Resulta chamativo como o Estado no seu informe non fai ningunha mención a este servizo nin á Mesa pola Normalización Lingüística (con arredor de 5000 socias e socios, a máis numerosa das organizacións non gubernamentais do ámbito cultural de Galiza e con actividade ininterrompida desde 1986). Isto acontece malia a Valedora do Pobo de Galiza facer contínua referencia a el nos seus informes ao Parlamento de Galiza.

---

<sup>10</sup> A Liña do Galego. A Mesa pola Normalización Lingüística.  
<https://www.amesa.gal/linhadogalego>.



## 3 Incumprimentos do articulado da Carta

### Artigo 8. Educación

O primeiro que cómpre destacar a respecto do ensino en galego é que, tal e como recoñece o Estado no seu informe, non houbo ningunha modificación substancial favorábel ao galego a pesar das recomendacións reiteradas polo Comité de expertos da Carta e polo Comité de Ministros do Consello de Europa, no 3.º, 4.º e 5.º ciclo de avaliación.

Os datos ofrecidos polo Estado a respecto do cumprimento desta recomendación non indican ningunha mudanza para a cumprir nen intención de o facer, malia o indicado nas recomendacións do 3.º, 4.º e 5.º ciclo de avaliación do Consello de Europa.

A regulación do ensino en galego está fixada a través do decreto 79/2010<sup>11</sup>. Este decreto prohibe o uso do galego nas matemáticas no ensino primario, e nas matemáticas, física e química e tecnoloxía no ensino secundario, o que contravén claramente o artigo 8, parágrafo 1, da Carta. Este decreto é tamén responsábel da escasa presenza do galego na educación infantil, tal e como se demostrará máis adiante.

A Lei estatal de educación experimentou certos cambios a través da Lei Orgánica pola que se modifica a Lei Orgánicas de Educación (LOMLOE), porén o Decreto 79/2010 continúa vixente.

Sobre as recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa no 5.º ciclo de avaliación, o goberno galego limitouse a pór en dúbida os coñecementos e a intencionalidade do Comité de expertos cunha campaña de desprestixio<sup>12</sup> que motivou unha importante reacción social<sup>13</sup> con manifestacións convocadas pola pataforma cidadá Queremos Galego (composta por preto de 600 colectivos sociais) en decembro de 2019 solicitando que se dese cumprimento ás recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa.

O sistema educativo xunto a ausencia de galego noutros espazos como o lecer, o audiovisual e medios de comunicación ou no ámbito socioeconómico, só está a afortalar prexuízos respecto das persoas que empregan o galego e contribuíndo a unha forte diferenza e ruptura xeracional onde as xeración de máis idade empregan o galego fronte as máis novas que non só non o empregan senón que son incapaces de facelo, e a educación só contribúe a acelerar este proceso de ruptura xeracional e social.

---

<sup>11</sup> Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. *Diario Oficial de Galiza* (25/5/2010). [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content\\_type/advertisement/2010/05/25/20100525\\_decreto\\_plurilinguismo.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2010/05/25/20100525_decreto_plurilinguismo.pdf).

<sup>12</sup> «Feijóo desdena as críticas do Consello de Europa á política lingüística da Xunta: “Alá eles”». *Praza Pública* (13/12/2019). <https://praza.gal/politica/fejoo-desdena-as-criticas-do-consello-de-europa-a-politica-linguistica-da-xunta-ala-eles>.

<sup>13</sup> A sociedade galega esixe na rúa que a Xunta actúe perante a situación de «emerxencia lingüística» e cumpra coas demandas do Consello de Europa. 20/12/19. <https://www.queremosgalego.gal/2019/12/20/a-sociedade-galega-esixe-na-rua-que-a-xunta-actue-perante-a-situacion-de-emerxencia-linguistica-e-cumpra-coas-demandas-do-consello-de-europa/>.

As limitacións para o ensino en galego en Galiza veñen derivadas da aplicación da seguinte normativa:

- **Decreto 79/2010:** limita a un máximo do 50% o número de materias a impartir en galego, co obxectivo de que sexan o 33%, prohibindo expresamente a impartición en galego de matemáticas na educación primaria e de Matemáticas, Tecnoloxía, e Física e Química en secundaria.
- **LOMCE:** establecía maior carga horaria para as materias prohibidas en galego o que fai que a distribución das materias por lingua reduza aínda máis a presenza do galego do que sinala o decreto 79/2010 sendo, por tanto, as aulas en galego, menos do 33% onde está introducido o ensino en inglés, e menos do 50% no resto.
- **LOMLOE:** A LOMCE foi recentemente modificada coa aprobación da LOMLOE. Porén, isto aínda non provocou nengunha mudanza a respecto do tratamento da lingua galega. Aínda que se reconece a posibilidade de ser a lingua propia a vehicular, isto depende da administración educativa galega e a modificación do decreto 79/2010 polo que a situación continúa igual.

#### PARÁGRAFO 1

*No que respecta á educación, as partes comprométense, no territorio no que se empregan as devanditas linguas e segundo sexa a situación de cada unha destas, sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficiali(s) do Estado, a:*

- a) Ofrecer educación infantil nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;*
- b) Ofrecer educación primaria nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;*
- c) Ofrecer educación secundaria nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;*

Mantense o incumprimento destes compromisos, que xa foi sinalado na terceira e na cuarta avaliación. Continúa sen ofertarse a posibilidade de educación substancialmente en galego en ningunha destas tres etapas educativas e non se fixo nada por ofertar educación en galego a quen así o solicitar<sup>14</sup>. A Xunta de Galiza nega esa posibilidade desde o ano 2010 no que se suprimiron as liñas de ensino moi maioritariamente en galego a pesar da grande demanda e boa acollida polas comunidades educativas. Na actualidade esa opción só se garante a través de iniciativas sociais alleas ao goberno como as escolas Semente na etapa de 2 a 6 anos.

A pesar de que o TSXG declarou ilegais varios aspectos centrais do Decreto 79/2010 como a posibilidade de que a lingua na aula fose diferente á da materia, a Xunta non mudou a súa postura. O mesmo tribunal confirmara a plena legalidade do decreto 124/2007 derrogado e que introducía oferta de preescolar en galego e como mínimo de 50% de ensino en galego para todos os ciclos educativos obrigatorios, así como ciclos formativos e bacharelato, substituíndoo polo Decreto 79/2010, que limita a un máximo do 50% o número de materias a impartir en galego, co obxectivo de que sexan o 33%, prohibindo expresamente a impartición en galego de matemáticas na educación primaria e de Matemáticas, Tecnoloxía, e Física e Química en secundaria.

## Educación infantil


Estas consecuencias foron especialmente graves na educación infantil das cidades. As Galescolas, escolas de educación infantil, cun proxecto educativo que contemplaba uns contidos mínimos en lingua galega, foron substituídas pola Galiñas Azul en 2010, ao tempo que se eliminaron os programas piloto de inmersión.

<sup>14</sup> «Alerta lingüística en Galicia: los niños y jóvenes pierden el gallego». *El País* (29/12/2019). [https://elpais.com/sociedad/2019/12/25/actualidad/1577298134\\_836789.html](https://elpais.com/sociedad/2019/12/25/actualidad/1577298134_836789.html).

Como resultado o galego está excluído de grande parte das escolas infantís das cidades galegas xa que a introdución paulatina do galego en ámbitos onde a propia lexislación establece a utilización do castelán por ser a lingua predominante, ou non se efectiviza ou, simplemente non é suficiente, recibindo na práctica o tratamento de lingua estranxeira.

Un estudo<sup>15</sup> da Mesa pola Normalización Lingüística sinala que o galego só está presente como lingua maioritaria (non única) no 5% das escolas infantís dos núcleos de máis de 50 000 habitantes, mentres só chega ao 50% no 19%. Estas cifras son moi inferiores á porcentaxe de falantes e tamén á demanda real existente de ensino en galego na sociedade.

**Intervalos de poboación de máis de 50 000 habitantes, centros públicos e privados:  
987 779 habitantes (36% da poboación galega)**



No informe presentado pola Mesa pola Normalización Lingüística, os centros de educación infantil das cidades, mesmo aqueles que utilizaban o galego, queixábanse da falta de materiais de traballo neste idioma, mentres a totalidade contaban con eles en castelán e unha porcentaxe moi elevada en inglés.

## Educación Primaria e Secundaria

No referido á Educación Primaria non é certo que o reparto de materias sexa a partes iguais como ten sinalado o Estado. Como o propio Estado e Xunta de Galiza saben, as materias prohibidas en galego son as de maior carga horaria o que imposibilita calquera distribución igualitaria. Aliás, a introdución do libro de texto dixital a través do programa EDIXGAL da Xunta de Galiza tanto en primaria como en secundaria, está a impedir o uso do galego mesmo nas porcentaxes que fixa o propio decreto 79/2019.

Na Educación Secundaria a realidade fixada por Decreto non é moi diferente. A distribución horaria vén fixada polo Anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de

<sup>15</sup> «A lingua galega na educación infantil de Galiza de 3 a 6 anos. Curso 2016/17». A Mesa pola Normalización Lingüística, 2016. <https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/informeinfantildef5-pdf.pdf>.

Galicia. Engadindo a distribución lingüística segundo o decreto 78/2010 daría inicialmente este resultado básico:

### Distribución horaria semanal na ESO e linguas en uso

MATERIAS	Cursos/horas						
	1.º	2.º	3.º	4.º	Gal.	Cast.	Outra
Bioloxía e Xeoloxía	3		2		5		
Educación física	2	2	2	2			
Educación en valores cívicos e éticos			1		1		
Educación plástica, visual e audiovisual	2		2			2	
Física e Química		3	2			5	
Lingua castelá e Literatura	3	3	3	3		12	
Lingua estranxeira	3	3	3	3			12
Lingua galega e Literatura	3	3	3	3	12		
Matemáticas	4	4	4				12
Matemáticas A / Matemáticas B				4		4	
Música		2	2				2
Relixión / Proxecto competencial	1	1	1	1			
Segunda lingua estranxeira	2	2					4
Tecnoloxía e Dixitalización	3	3				6	
Xeografía e Historia	3	3	3	3	12		
Optativa 3.º (1)			3			3	
De opción 4.º 1 (2)				3		3	
De opción 4.º 2 (2)				3		3	
De opción 4.º 3 (2)				3			
Optativa 4.º (3)				3		3	
Libre disposición de centro	2	2					
Titoría	1	1	1	1			
<b>Totais</b>	<b>32</b>	<b>32</b>	<b>32</b>	<b>32</b>	<b>30</b>	<b>55</b>	<b>16</b>

Como se pode comprobar, nas materias ás que se refire directamente o Decreto 79/2010, o galego parte de 10 horas menos no conxunto da etapa respecto ao castelán, nunha distribución inicial que afecta a 84 das 132 totais.

Porén, á dificultade de combinación de horarios por parte do centros, engádense que a maioría dos materias didácticos que a Xunta fornece a través de EDIXGAL están en español e a escaseza das opcións en galego.

A presenza e diversidade de materiais en español é moi superior ao galego cando non é exclusiva. Este último factor, o da exclusividade de materiais en español, dá lugar á seguinte distribución, onde ao español se lle garante en calquera caso unha presenza mínima de 52 horas no conxunto da ESO (40,62%) fronte ás 29 para o galego (22,65%) e 16 para outras linguas (12,5%).

Todo isto permite concluír que EDIXGAL fai que no conxunto da ESO se desenvolvan 33 sesións semanais en galego, 55 en castelán, 16 noutras linguas e as 28 restantes tamén en castelán, ben lonxe do suposto equilibrio.

Outras deficiencias notábeis en relación galego no ensino:

- Non se levou a cabo ningunha campaña de sensibilización ante o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa. Fronte á análise crítica dos prexuízos existentes en relación ao galego, a derogación do Decreto 124/2007 e a xustificación dada pola administración contribuíu a afortalalos.
- Reduciuse o apoio institucional e o financiamento ás equipas de normalización e dinamización lingüística que desde a implantación do Decreto 79/2010 pasaron a ser só Equipas de Dinamización Lingüística, eliminándose do seu nome oficial a referencia á «normalización». A propia Xunta de Galiza, a través do informe do Estado, indica que o investimento anual é de 350.000 €, o que tendo en conta que en Galiza existen 1217 centros públicos, dá unha media de 287,59 € anuais para cada centro. Habitualmente a escaseza económica das equipas substitúese coa vontade de profesorado e alumando e sobreesforzo tamén en horas de traballo sen remunerar por parte do profesorado.

*d) Ofrecer educación técnica e profesional nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;*

Este compromiso tampouco se está a cumprir. Non existe ningún material didáctico en galego na inmensa maioría das ramas dos ciclos de Formación Profesional, polo que é imposible que se estea a cumprir tanto o que indica a Carta como o propio Decreto 79/2010.

O galego tamén está completamente excluído da Formación Profesional a distancia, que afecta a cerca de 5000 alumnos e alumnas.

As probas libres de Formación Profesional, que permiten o alumnado a distancia examinarse presencialmente por cada módulo, están a ser presentados só en castelán baixo o pretexto de facilitar a comprensión das examinadas e atenta contra a lexislación que poderán ser realizadas nas dúas linguas.

*f) Tomar disposicións para que se impartan cursos de ensino para adultos e de educación permanente principal ou totalmente nas linguas rexionais ou minoritarias;*

Mostra do desinterese da Xunta neste ámbito é a falta de medios básicos por parte do profesorado contratado ou o conflito provocado polo despedimento do profesorado CELGA contratado que só puido mellorar as condicións de precariedade a través de sentenzas xudiciais.

Deixouse de contar coa colaboración dos concellos para a formación de adultos, polo que a súa difusión foi moi inferior e, polo tanto, as persoas inscritas moitas menos.

Non existe ningunha formación lingüística específica para diversos sectores sociais, necesaria para mellorar a competencia e fomentar o galego neses sectores, como poderían ser: o xornalismo, a publicidade, a empresa, o comercio, o asociacionismo, sanidade, etc.

Por outra banda, á marxe dos cursos de lingua, non se toman medidas para que o resto da oferta formativa para adultos e formación permanente se vehicule principalmente en galego, tal como apunta este punto da Carta, polo que consideramos que este obxectivo non se cumpre.

*g) Tomar medidas para asegurar o ensino da historia e cultura das que é expresión a lingua rexional ou minoritaria;*

Na concreción práctica dos contidos para o ensino obrigatorio e o bacharelato, a penas existen contidos relacionados con Galiza e os que existen vense reducindo ao avanzar nas diferentes etapas educativas. Neste sentido, as materias que máis tratan aspectos da cultura e a historia de Galiza son as de lingua galega e literatura, portanto cinguidas a esta área de coñecemento.

O currículo en vigor até 2022 incluía para o 1.º ciclo da ESO (1.º, 2.º e 3.º) do total de 113<sup>16</sup> estándares nas materias de Ciencias Sociais e Xeografía e Historia só 14<sup>17</sup> teñen relación con Galiza (12%), cantidade e porcentaxe que se reduce a 0 ao chegar a 4.º da ESO e 2.º de bacharelato. No conxunto os estándares relacionados con Galiza nestas materias representan o 3%. Neste momento na Mesa pola Normalización estamos a realizar un estudo sobre o novo currículo que entrou en vigor plenamente no presente curso. En calquera caso os datos achegados parecen indicativos da falta de aplicación da posibilidade de adaptación do currículo á realidade galega coa que conta o goberno da Xunta de Galiza dentro das súas competencias.

En relación aos materiais didácticos, xa foron sinaladas algunhas limitación ao ensino en galego que introduce o programa de libro dixital EDIXGAL. O feito de os materiais incluídos en EDIXGAL seren elaborados fóra de Galiza e sen adaptación de ningún tipo é un aspecto que cómpre engadir ao incumprimento deste punto pola Xunta de Galiza.

***h) Fornecer a formación básica e permanente dos profesores requirida para aplicar os parágrafos do a) ao g) aceptados pola Parte;***

Este é outro dos compromisos incumpridos. Non se ofrece formación permanente ao profesorado para facilitar a aplicación dos compromisos da Carta. Aínda que o artigo 16 do Decreto 79/2010 expón que as autoridades teñen que deseñar un plan de formación do profesorado coa finalidade de garantir que todo o profesorado teña a suficiente competencia oral e escrita para comunicarse e levar a cabo a súa actividade profesional en galego e coñecer a situación de Galiza. Abonda cunha ollada aos plans de formación dos últimos anos para comprobar que non existe unha oferta específica de formación permanente para o profesorado en activo encamiñada a mellorar a súa competencia lingüística<sup>18</sup>.

***i) Crear un órgano de control ou órganos responsábeis do seguimento das medidas adoptadas e dos progresos realizados no establecemento ou desenvolvemento do ensino das linguas rexionais ou minoritarias e redactar informes periódicos sobre as súas conclusións que se farán públicos.***

A Xunta négase activa e sistematicamente a cumprir este compromiso. Non existe ningún organismo de control ou seguimento e non se redactou nin se fixo público ningún informe oficial que avalíe a situación e as consecuencias que as medidas regresivas levadas a cabo polo Goberno están a supor para o ensino en galego.

Nengún estudo rigoroso publicado até o momento afirma que a situación do galego mellorase após a aprobación do Decreto 79/2010. Pola contra, entidades como a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo<sup>19</sup>, a Real Academia Galega<sup>20</sup> ou os estudos realizados pola Mesa pola Normalización teñen sinalado o contrario.

<sup>16</sup> LOMCE. Currículo Xeografía e historia. Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e o do Bacharelato.  
[https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-37](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-37).

<sup>17</sup> Consellaría de Educación, Xunta de Galiza. Currículo autonómico de Xeografía e historia ESO.  
<https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/secundaria/materias/to/xh>.

<sup>18</sup> Plans anuais de formación do profesorado. Consellaría de Educación. Xunta de Galiza.  
<https://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/63,364/all/all>.

<sup>19</sup> «Xunta y universidades se enfrentan por el retroceso en el uso del gallego». *La Voz de Galicia* (12/5/2015).  
[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2015/05/12/xunta-universidades-enfrentan-retroceso-uso-gallego/0003\\_201505G12P11993.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2015/05/12/xunta-universidades-enfrentan-retroceso-uso-gallego/0003_201505G12P11993.htm)

<sup>20</sup> «A RAG insta a Xunta a “seguir as recomendacións” do Consello de Europa e pór fin á “restrición” do galego no ensino». *Praza Pública* (16/12/2019).

Mantense ademais a oposición pública por parte das organizacións sindicais, asociacións de nais e movementos de renovación pedagóxica, que aínda en xullo de 2020 presentaron unha proposta de bases para a normalización da lingua galega no ensino como alternativa ao Decreto 79/2010 e que entre outras cousas sería útil para introducir as recomendacións sobre o cumprimento da Carta<sup>21</sup> dentro da legalidade e a xurisprudencia. A Xunta de Galiza mantén a negativa a recibir tanto á Mesa pola Normalización Lingüística como á representación maioritaria da comunidade educativa que avalou e participou na elaboración da proposta.

En calquera caso non existen datos oficiais, publicados por organismos públicos, que avalíen as consecuencias do decreto e se se están a cumprir os seus obxectivos malia teren sido solicitados no Parlamento galego polo conxunto da oposición e aínda que o propio Decreto establece a obrigatoriedade de o facer. Esta responsabilidade non se pode delegar (como fai o Estado no seu informe) nun Instituto de estatística como o IGE, que só dá datos e que, neste caso, só indica a percepción que teñen as persoas consultadas, sen entrar nas causas desta percepción ou na resposta social e oposición ao decreto que pode motivar certo nivel de incumprimento

O que si sabemos polos mesmos datos estatísticos oficiais é que nunca antes en Galiza o descoñecemento da lingua propia chegara ao 23,9%, é dicir, case 1 de cada 4 persoas en idade de escolarización obrigatoria non se senten capacitados para desenvolver a máis básica das competencias nunha lingua: falar<sup>22</sup>.

Desde a entrada en vigor do Decreto 79/2010 a comunidade educativa, organizacións sociais, grupos políticos ou nais en pais preocupados solicitaron en incontábeis ocasións información ao respecto e unha avaliación seria dos resultados que para o galego no ensino estaba a supor este decreto, sen obter resposta da Administración. Só tras a presentación do estudo da Mesa sobre a eliminación do galego na educación infantil das cidades a Xunta ofreceu porcentaxes propias sobre o uso do galego nas distintas etapas educativas.

Porén, negáronse a facer públicos os datos, as fontes e a metodoloxía empregada para impedir que se contrastasen. Non foi unha avaliación seria senón simple propaganda. O máximo responsable da Consellaría de Educación chegou a defender nunha comparecencia do Parlamento Galego que non tiña ningunha obriga legal de facer pública esta información, negando así o compromiso explicitado neste punto da Carta.

A inspección educativa tamén non cumpre este labor, xa que os datos recollidos polo XADE son mera información burocrática, e non se poden considerar unha avaliación real e fiable da presenza do galego no ensino (os centros limítanse a indicar nesta aplicación que teñen intención de cumprir a lei...). Predomina polo tanto unha absoluta opacidade sobre o seu labor en relación ao cumprimento da legalidade lingüística.

Os casos que se fixeron públicos tras denuncias públicas de persoas afectadas, en moitos casos a través do servizo A Liña do Galego da Mesa pola Normalización Lingüística, só manteñen a percepción de manterse o cumprimento estrito da legalidade só naqueles aspectos que desamparan o emprego da lingua galega.

Cómpre sinalar que a única información publicada de estudos sobre a lingua nas aulas corresponde aos elaborados pola Mesa pola Normalización Lingüística sen apoio da administración

---

<https://praza.gal/politica/a-rag-insta-a-xunta-a-seguir-as-recomendacions-do-consello-de-europa-e-por-fin-a-restricion-do-galego-no-ensino>

<sup>21</sup> «A comunidade educativa demanda da Xunta “diálogo” para normalizar o galego no ensino». *Nós Diario* (16/11/2020).

<https://www.nosdiario.gal/articulo/lingua/comunidade-educativa-demanda-da-xunta-dialogo-normalizar-galego-ensino/20201126140526109927.html>.

<sup>22</sup> «Persoas que saben falar galego por sexo e idade. De 5 a 14 anos». IGE 2020.

[http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?c=0206004&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2939&R=1\[all\];4\[all\];0\[0\]&C=3\[0\];2\[2\]&F=&S=998:12&SCF=#](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?c=0206004&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2939&R=1[all];4[all];0[0]&C=3[0];2[2]&F=&S=998:12&SCF=#)



pública<sup>23</sup>, e xa de 2018 a 2022, os estudos da Real Academia Galega que reafirman o carácter desgalguizador do ensino mostrándoo como un dos factores de abandono da utilización do galego pola infancia<sup>24</sup>.

#### PARÁGRAFO 2

*En materia de ensino e polo que se refire a territorios diferentes daqueles nos que se falan tradicionalmente as linguas rexionais ou minoritarias, as partes comprométense a autorizar, fomentar ou establecer, se o número de falantes dunha lingua rexional ou minoritaria o xustifica, o ensino dunha lingua rexional ou minoritaria ou nela, nos niveis que se consideren oportunos.*

Cómpre denunciar a precarización á que a SXPL somete o profesorado que asume o labor de ensinar galego nas universidades de fóra de Galiza, concretamente o dos lectores ou lectoras, que son a maioría.

Desde hai anos, na maioría dos casos, eses lectores e lectoras eran bolseiros/as temporais, sen contrato laboral, xa que impartían esa actividade con bolsas de formación. Hai uns anos acordárase e comezáranse a dar pasos para ir convertendo paulatinamente en contratos os postos nos lectorados que se estaban a cubrir mediante bolsas, pero agora a Secretaría Xeral de Política Lingüística paraliza e reverte este proceso e executa un novo retroceso para o galego, efectivizado na precarización da actividade e, polo tanto, na precarización da formación lingüística en galego e empeorando a súa imaxe internacional, pois eses/as lectores/as son, na práctica, a imaxe de Galiza e do galego nas súas respectivas universidades, cidades e países.

### Artigo 9. Autoridades xudiciais

Desde a publicación das recomendacións do Comité de expertos e do Comité de Ministros do Consello de Europa, non houbo nengunha modificación da Lei Orgánica do Poder Xudicial para asegurar o uso das linguas cooficiais nos procedementos xudiciais a petición dunha das partes.

A este respecto compriría mudar a redacción dos artigos 231 da LOPX e o 142 da Lei de axuízamento civil, para que poida prevalecer a petición dunha das partes que o procedemento penal, civil e administrativo en xulgados e tribunais de Galiza se tramite na lingua cooficial, pois do contrario, por defecto, de oficio e de forma automática sempre se tramita en castelán.

Na actualidade a utilización do galego segue a ser unha potestade ou unha opción voluntaria dos xuíces, fiscais, etc. sempre que ningunha das partes invoque indefensión polo seu descoñecemento, o que é incompatíbel na práctica co dereito dos cidadáns a solicitaren que o procedemento xudicial se desenvolva na súa lingua, como recolle o artigo 9 nos apartados a), b) e c) da *Carta Europea*.

O propio informe do Estado indica (páxina 17) que

No caso de xuíces, maxistrados, fiscais e secretarios xudiciais (agora denominados secretarios xudiciais da Administración de Xustiza) e demais funcionarios da Administración de Xustiza, o parágrafo 2 establece unha norma lixeiramente diferente: tamén poderán utilizar a lingua oficial, sempre que ningunha das partes obxeccións alegando un descoñecemento que podería levar á indefensión.

<sup>23</sup> A Mesa pola Normalización Lingüística, 2016.

<https://www.amesa.gal/informes/informe-sobre-lingua-galega-na-educacion-infantil-de-galiza-de-3-6-anos-curso-20162017>.

<sup>24</sup> *Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames*. RAG, 2022. <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/380>.



Precisamente o que é incompatíbel co dereito á escolla da lingua do procedemento establecido na CERML é que a lei estatal faculta aos xuíces, fiscais e letrados da administración de xustiza a escoller a lingua oficial, colidindo co artigo 9 da CERML que outorga ao cidadán o dereito a escoller a lingua oficial no que ha de seguirse o procedemento. Na práctica, esta facultade de xuíces, fiscais e letrados da administración de xustiza priorízase sobre o dereito de escolla do cidadán, que se ve sepultado e finalmente queda á libre decisión do funcionariado a lingua na que se segue o procedemento e queda ao libre exercicio da facultade de xuíces, fiscais e letrados da administración de xustiza de escoller a lingua na que estes van pronunciarse tanto oral como por escrito. Sinalamos que a Lei Orgánica do Poder Xudicial (artigo 341.1) segue considerando que o coñecemento e a competencia lingüística nunha lingua oficial non é un requisito para o desempeño da función xudicial nunha comunidade autónoma con lingua propia, senón que é simplemente un mérito.

A carencia de recursos reais e verdadeiros en lingua galega nos Xulgados limita a acción normalizadora tanto do funcionariado como dos xuíces.

Concretamente os xuíces que teñen vontade de realizar o seu traballo en galego advirten que a aplicación Minerva NOX que empregan para ditar sentenzas está íntegra e exclusivamente en castelán e non contén ningún documento en galego. Se queren ditar sentenzas, autos e providencias en galego teñen que redactalas primeiro en Word e despois volcala ao Minerva NOX debendo borrar os modelos preexistentes desas resolucións que figuran redactadas de forma exclusiva en castelano. Isto implica unha perda de tempo e recursos que poucos Xulgados poden soportar, nin tampouco é labor dos servizos lingüísticos, se os hai, de traducir cada un dos formularios ad hoc e para cada procedemento concreto de cada xulgado. Débese dotar ao Xulgado dun programa informático con todos os formularios en galego que lles permita aos usuarios desempeñar o seu labor en plena igualdade coa outra lingua oficial, sen provocar a indefensión ás partes nin dilacións indebidas no procedemento.

Dotar do recurso básico aos Xulgados como é un programa informático que sitúe o galego á par do castelano é un elemento prioritario para normalizar o galego no ámbito da xustiza.

Na práctica o cidadán non ten dereito a exercer o seu dereito á escolla lingüística porque prevalecen todas as demais excepcións que recolle a Lei 1/2000 de Axuízamento Civil e a Lei Orgánica de Poder Xudicial.

Este incumprimento sistemático localízase tanto nas demais xurisdicións sen excepcións: penal, social e contencioso-administrativa. O cidadán non ten dereito a exercer o seu dereito a escoller a lingua do procedemento en ningunha das súas fases.

Nos tribunais de xustiza, antes do inicio de calquera procedemento, non se pregunta de oficio en que lingua ha de tramitarse este para que se realicen nesa lingua as actuacións xudiciais, tanto orais como escritas para que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental. Mesmo cando unha parte solicita expresamente o seu desexo de que o procedemento e notificacións se tramiten na súa lingua, na inmensa maioría das ocasións ese dereito é vulnerado, sendo moi escasas as veces en que é atendido o dereito a escoller o procedemento.

Cómpre ter en conta que, ademais, a aplicación informática Minerva NOX, empregada na administración de xustiza en Galiza (diferente de LEXNET empregada para notificación a avogados e procuradores), impide o uso do galego en pé de igualdade co castelano: non contén en galego ningún formulario, modelos ou documentos dos que se empregan a diario na oficina xudicial nin dispón deses documentos actualizados consonte as modificacións lexislativas, tan só o que cada funcionario voluntariamente decida introducir e que estará obrigado a manter actualizado pola súa conta e risco, o que provoca non só un esforzo persoal do funcionariado que ten que traducilo persoalmente, senón que pode provocar unha inseguridade xurídica e rexeitamento ante a eventualidade de que non estea convenientemente actualizado, risco e esforzo que o funcionariado non debe asumir nin lle é exixíbel que asuma, pois deben ser as autoridades competentes as que

se encarguen de facilitar ao funcionariado os recursos en galego en plena igualdade co castellano: a aplicación informática Minerva NOX debe conter os mesmos documentos en galego e absolutamente actualizados conforme a normativa vixente en cada momento, para asegurar a igualdade no uso das linguas no ámbito da xustiza e non afondar na discriminación. Neste sentido retrocedeuse fronte períodos anteriores nos que existía algún documento en galego.

Se non se poñen os medios técnicos para que a opción lingüística se poida materializar en toda a súa plenitude, estase a convalidar a desigualdade e amparar de facto a imposición do castellano en todos os procedementos, que é o que realmente sucede nos xulgados e tribunais en Galiza<sup>25</sup>.

Do uso do galego na xustiza hai dous datos que poden ser indicativos e útiles para facer unha estimación do seu uso: o sinalado pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e a memoria anual do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG).

A CIG, organización sindical maioritaria en Galiza, presenta por volta do 20% dos procedementos abertos nos xulgados do social en Galiza solicitando en cada un deles que se desenvolva en galego conforme o sinalado pola Carta Europea da Linguas Rexionais ou Minoritarias. Deste 20% só conseguen que sexan tramitados menos do 1%<sup>26</sup>.

A respecto do TSXG, na súa memoria anual<sup>27</sup> de 2019 sinalaba a revisión lingüística en galego de 145 documentos (páxina 57) dun total de 330.956, o que constitúe unha porcentaxe do 0,04% dos asuntos tramitados. No último informe do TSXG (2022) indícase que están en trámite, correspondentes a 2021 e 2022, 323.384 expedientes<sup>28</sup>. Destes, traducíronse de castelán a galego, 28 expedientes, 123 de galego a castelán, e só se revisaron 117. O total de documentos onde habería presenza do galego para este período é o 0,08%.

Respecto ás supostas accións de tradución de textos legais implementadas pola Xunta de Galiza a través da aplicación Lex.gal para consulta de lexislación autonómica en galego, hai que sinalar que esa lexislación emana do Parlamento de Galiza e que, portanto, o proceso de debate e aprobación desa lexislación adoita ser orixinalmente en galego. O Estado non informa, porque non realizou nengunha acción, da dispoñibilidade e tradución da lexislación e disposicións legais en galego.

Temos que concluír, por tanto, que non houbo nengunha acción significativa para cumprir con esta recomendación. O Estado non modificou nin implementou ningunha medida para corrixir os incumprimentos do artigo 9 da CERML. O Estado segue a negalos e continúa sen adaptar a lexislación interna á CERML, polo que non se rexistra ningunha novidade nas circunstancias que motivaron os informes anteriores. Ademais, o feito de obstaculizar o uso do galego perante os tribunais é unha vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva.

---

<sup>25</sup> «A CIG esixe implementar a aplicación Minerva en galego para favorecer a normalización da nosa lingua na Administración de Xustiza» (21/1/2020).

<https://www.cig.gal/nova/a-cig-esixe-implementar-a-aplicacion-minerva-en-galego-para-favorecer-a-normalizacion-da-nosa-lingua-na-administracion-de-xustiz.html>.

<sup>26</sup> «A CIG denuncia a presenza marxinal do galego na Administración de Xustiza» (8/1/2021).

<https://www.cig.gal/nova/a-cig-denuncia-a-presenza-marxinal-do-galego-na-administracion-de-xustiza.html>.

<sup>27</sup> *Memoria anual TSXG 2019* (páxina 57).

<https://www.poderjudicial.es/cgpj/gl/Poder-Xudicial/Tribunais-Superiores-de-Xustiza/TSX-Galicia/Actividade-do-TSX-Galicia/Memoria-Xudicial/Memoria-del-TSXG-de-2019>

<sup>28</sup> *Memoria anual TSXG 2022*.

<https://www.poderjudicial.es/cgpj/gl/Poder-Xudicial/Tribunais-Superiores-de-Xustiza/TSX-Galicia/Actividade-do-TSX-Galicia/Memoria-Xudicial/Memoria-del-TSXG-de-2022>

## Artigo 10. **Autoridades administrativas e servizos públicos**

### PARÁGRAFO 1

*Nas circunscricións administrativas do Estado nas que o número de residentes falantes das linguas rexionais ou minoritarias xustifiquen as medidas que figuran a continuación e segundo a situación de cada lingua, as Partes comprométense, na medida na que sexa razoabelmente posíbel, a:*

- i) garantir que as autoridades administrativas empreguen as linguas rexionais ou minoritarias;*

### Administración xeral do Estado

A posibilidade aberta recentemente de uso de linguas cooficiais diferentes do español en espazos como o Congreso dos Deputados ou co compromiso asinado con varias forzas política de auditar e corrixir as imposibilidade de uso desas linguas coa administración do Estado indican unha mudanza positiva da actitude do goberno español en relación ao cumprimento do artigo 10 da Carta.

Porén, aínda non se avanzou máis do sinalado e mantense en vigor a lexislación que obriga ao uso do español e impide o uso das outras linguas cooficiais no Estado.

Un claro exemplo é a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que non mellora a redacción da lei homóloga anterior. O artigo que regula os usos lingüísticos (o 15) é idéntico ao 36 da Lei anterior 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas do procedemento administrativo común.

Outro exemplo é o artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, que impón o uso do castelán en todos os sinais de tráfico. Esta lei provoca que os concellos sexan denunciados por teren os sinais unicamente en galego como o caso do Concello de Gondomar denunciado pola Garda Civil desa localidade.

A lexislación estatal ignora o requisito de capacidade lingüística. Atribúese como mérito mais non se exige tal coñecemento como se pode comprobar aínda nas últimas convocatorias de acceso á función pública. A este respecto o informe do Estado parece equiparar o mérito (que favorece a puntuación e o expediente do funcionariado), co requisito (condición para o acceso á función pública e/ou acceder a determinadas prazas). Neste sentido sería conveniente que as convocatorias de prazas públicas indicasen a cantidade para cubrir en Galiza e, nestas prazas, se contemplase o requisito de coñecemento do galego a través de títulos oficiais.

Tal e como recoñece o Estado (páxinas 24 a 27 do seu informe), hai importantes impedimentos á accesibilidade en galego á administración xeral do Estado especialmente no relativo ás xestións telefónicas ou en liña, así como ás páxinas webs dos ministerios e dos órganos da Administración estatal. Aquelas que ofrecen a posibilidade de uso do galego só contan con textos de presentación ou información estática en galego que non pasa do nivel 1, mais non permiten facer xestións nin dirixirse a eles usando o galego. Nos casos onde o nivel é maior, adoita obrigarse a indicar de novo a galega como lingua de elección.

Neste senso, a implantación da administración electrónica está a supor importantes dificultades para garantir o dereito de utilizar o galego perante a administración estatal. Trámites que hai uns anos se facían en galego sen problema en sedes territoriais, hoxe non só non se poden realizar en galego senón que nin sequera admiten que se presente documentación neste idioma.

Continúan a producirse casos moi graves nos que a Administración do Estado se nega a aceptar documentación presentada en galego nalgúns casos con consecuencias irreparábeis por falta de

prazo para presentar traducións nalgúns casos de documentos emitidos pola propia administración (títulos de formación, certificados,...).

Non se tomaron medidas para garantir e avanzar na formación lingüística do funcionariado do Estado como sinalaba a anterior avaliación. Resulta significativo que o propio Estado sinalo no seu informe que a Administración tributaria ofertou cero actividades de formación en galego, que só 26 persoas se inscribisen para un curso de galego de 20 horas da Dirección xeral de tráfico, que só 882 policías (aproximadamente o 10% do total de membros das forzas de seguranza pública) conten con algún título de galego (sen especificar nivel), que o Servizo de emprego se limite a cursos de só 90 horas, ou que non haxa cursos de galego impartidos nos Portos do Estado en Galiza (Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol-San Cibrao).

Así mesmo, temos constancia de que moitas administracións territoriais do Estado se negan a tramitar documentación e expedientes en galego mesmo cando se lles pide expresamente e a lexislación reconece este dereito dos cidadáns/ás.

A atención directa depende da vontade por atender e/ou entender o galego do funcionariado que no caso da Administración estatal non ten como requisito para o acceso á función pública o coñecemento da lingua galega.

En relación con este punto da Carta son de gravidade especial os casos relacionados cos corpos e forzas de Seguridade do Estado por canto engaden vulnerabilidade a situación xa de por si delicadas onde pode estar en risco a seguridade e integridade das persoas ou bens. Temos documentados casos onde Garda Civil e Policía Nacional se negan a atender denuncias e avisos graves e urxentes por estaren en galego.

### *Boletín Oficial do Estado*

O Estado négase a publicar o *Boletín Oficial do Estado* nas versións das diferentes linguas oficiais a pesar de lle constar esta reivindicación unanimemente apoiada por todos os axentes xurídicos que operan na Administración de Xustiza e numerosas entidades como o Consello da Avogacía Galega, que se compón dos sete colexios de avogados de Galiza, as Universidades galegas,

A publicación puntual de leis, reais decretos-leis e decretos lexislativos noutras linguas oficiais á que fai alusión o Estado na páxina 37 do seu informe, resulta insuficiente, pois é evidente que non supón a publicación íntegra e diaria do BOE, publícase máis tarde que a orixinal, e todo isto atenta contra o principio de seguridade xurídica.

A declaración de oficialidade do galego, catalán e o eúscaro, de acordo co artigo 3 da Constitución e dos artigos dos respetivos estatutos de autonomía implica que as administracións han de facer uso normal destas linguas nas súas relacións entre elas e nas relacións coa cidadanía tal como estableceu a Sentenza do Tribunal Constitucional do 26 de xuño de 1986.

A natureza oficial destas linguas implica, tal e como recolle a Lei de Axuizamento Civil e outras disposicións procesuais xudiciais e administrativas, o dereito de facer uso das mesmas con plena validez e eficacia xurídica.

Para este uso no ámbito do Dereito, no que se alegan fundamentos xurídicos, resulta imprescindible dispor das versións oficiais de todas as normas de ámbito xeral.

Os Parlamentos e os Gobernos Autonómicos destas áreas xeográficas lingüísticas publican simultaneamente as leis tamén en lingua castellana, o que non está a acontecer por parte das Cortes Xerais e o Goberno do Estado.

Corresponde ao órgano emisor a responsabilidade de proporcionar nas outras linguas oficiais a versión das normas de ámbito xeral que dita, para que estean a disposición dos cidadáns destas áreas lingüísticas.


É unha necesidade para garantir o uso da lingua con plenitude de efectos e unha exixencia do principio de seguridade xurídica, tanto no ámbito do Dereito como no do ensino universitario do Dereito.

É deber das administracións remover os obstáculos que impidan a materialización da igualdade. Son deberes que se atopan consagrados no artigo 9 da Constitución Española e que igualmente se desprenden no artigo 9.3 da Carta Europea de Linguas Minorizadas, que o Estado Español ratificou o 9 de abril de 2001.

### Administración autonómica

En relación á administración autonómica existen importantes retrocesos. Á eliminación do requisito de elaborar algunha das probas de acceso á función pública autonómica en 2009, precisamente para demostrar na práctica o dominio da lingua galega, engádeselle a desaparición da opción por defecto en galego na consulta electrónica das publicacións oficiais.

É significativo que tanto a administración estatal como a autonómica son as que acumulan maior número de queixas por vulneración dos dereitos lingüísticos (65,57%) das tramitadas pola Liña do Galego. Isto ten a ver cunha maior conciencia cidadá das obrigas dos poderes públicos respecto do dereito ao uso do galego, mais tamén cunha continua involución na posibilidade de exercicio destes dereitos<sup>29</sup>.



Esta regresión está detrás dunha idea que comezou a estenderse entre unha parte, polo de agora minoritaria do funcionariado de non teren que utilizar o galego ou enténdelo —contra o que o sinala a Lei de Normalización Lingüística—, e que ten motivado queixas por vulneración dos dereitos lingüísticos e á cidadanía, como o acontecido nas dependencias da Delegación da Xunta en Lugo onde dúas funcionarias increparon unha cidadá por reclamar atención en galego. Este feito foi investigado e reconecido pola propia Xunta sen que polo de agora se coñezan as medidas exercidas<sup>30</sup>.

<sup>29</sup> Informe Liña do galego 2021. A Mesa pola Normalización Lingüística, 2021.

<https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/Informe-da-Lina-do-Galego-2021.pdf>.

<sup>30</sup> «Xunta investiga queixa contra funcionarias de Lugo». *El Progreso* (3/5/2018).

<http://www.europapress.es/galicia/noticia-xunta-investiga-queja-contra-funcionarias-lugo-negaron-atender-mujer-gallego-20180305180905.html>

**b) Facilitar amplamente formularios e textos administrativos para a poboación nas linguas rexionais ou minoritarias ou versións bilingües;**

Tamén se continúa a incumprir este obxectivo e se constatan importantes retrocesos ao respecto. Os documentos e formularios que até hai pouco tempo se podían empregar en galego con normalidade agora só se ofrecen en español. Salienta o caso da Axencia Tributaria, que fixo desaparecer da súa páxina web algúns dos formularios de uso común que até hai pouco eran accesíbeis en galego. É un caso especialmente grave por seren normalmente obrigatorios os trámites realizados nesta axencia e implicaren graves sancións a quen non os cumprir.

Mesmo no caso no que existen modelos nas diferentes linguas oficiais, na actualidade a Administración do Estado só distribúe as versións en español e négase a facilitar copia en galego a quen as solicitar.

Porén, esta actitude está presente noutros órganos estatais tamén con graves repercusión para a cidadanía como: Seguridade Social, Servizo de Emprego Público, Ministerio de Interior...

**c) Permitir ás autoridades administrativas redactar documentos nunha lingua rexional ou minoritaria;**

En relación a este punto da Carta, continúan a se ignorar medidas previstas como a de establecer como norma que todas as comunicacións da Administración central (maiormente a de Facenda) se fagan na lingua declarada como habitual no Censo, tal e como establecía o Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado en 2004 polo Parlamento galego

Tal e como foi sinalado, mantéñense graves problemas para se poder dirixir en galego á Administración do Estado, nomeadamente a través das sedes electrónicas que, na maior parte dos casos, non ofertan a opción en galego nin admiten documentación nesta lingua. No caso de Facenda é o máis evidente na medida en que o trato con esta Administración é obrigatorio para o conxunto da cidadanía.

A Administración do Estado non recoñece a validez de documentación oficial redactada en galego. Por exemplo, Ministerios como o de Economía ou o de Igualdade néganlle a ducias de estudantes acceso a premios, ou bolsas predoutorais por presentaren o título oficial expedido polas Universidades galegas en galego, cando si se admite en castelán e inglés (non sendo este último oficial en ningún territorio do Estado, como si o é formal e teoricamente o galego na comunidade autónoma de Galiza).

Continúase sen garantías mínimas por parte da cidadanía de obterem os seus documentos notariais en galego sen que implique demoras ou molestias innecesarias, que evidencian o desleixo da Administración en facer efectivos os dereitos lingüísticos da cidadanía.

A Xunta de Galiza asinou anualmente no período de avaliación e até o último ano, convenios<sup>31</sup> co Exército español para a prevención de incendios que teñen como cláusula (7.<sup>a</sup>) previsións lingüísticas que só permiten o uso do castelán en calquera relación co Exército, seguindo a OM 35/1987 de 17 de xuño, o que supón crear graves vulneracións de dereitos cidadáns en momentos de grande tensión e perigo.

<sup>31</sup> «Resolución 420/38309/2023, de 20 de julio, de la Secretaría General Técnica, por la que se publica el Convenio con la Xunta de Galicia, para la prevención de incendios forestales en Galicia para la campaña de 2023». BOE do 31/7/2023. [https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2023-17595](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2023-17595).



## PARÁGRAFO 2

*No que respecta ás autoridades locais e rexionais en cuxos territorios exista un número de residentes falantes das linguas rexionais ou minoritarias que xustifique as medidas que figuran a continuación, as Partes comprométense a permitir e/ou fomentar:*

- a) O uso das linguas rexionais ou minoritarias no marco da administración rexional ou local.*
- b) A posibilidade de que os falantes das linguas rexionais ou minoritarias presenten solicitudes orais ou escritas nestas linguas.*

## Administración autonómica

A aprobación en 2009 da Lei 2/2009, de 23 de xuño, da función pública de Galiza, supuxo un paso atrás no cumprimento do artigo 10, como xa indicaba o Comité de Expertos no informe do terceiro ciclo (parágrafo 994) correspondente ao momento da aprobación da lei, pois relaxaba a proba de coñecemento do galego na contratación do persoal que traballa para a Administración. Esta Lei 2/2009 de modificación da Lei de Función Pública que eliminou a exigencia de que das probas para o acceso á función pública, cando menos unha fose realizada en galego, eliminando así a necesidade de demostrar o seu coñecemento e correcta expresión para o funcionariado e persoal laboral da Administración galega, continúa en vigor. Xa que logo, é suficiente coa certificación de ter superado un curso de galego. Ao non verificarse na práctica a correcta competencia en galego do persoal da Administración, non se pode garantir o dereito da cidadanía a ser atendida normalmente nesta lingua.

Ademais, non se estableceron mecanismos que garantan un aumento efectivo da presenza do galego nas entidades receptoras de axudas públicas e, xa que logo, non se puido avaliar o cumprimento.

Constátanse tamén incumprimentos na utilización da forma galega dos topónimos como única válida e oficial tanto por parte das diferentes administracións como por empresas ou entidades que contan con financiamento público.

## Administración local

Tamén no ámbito da administración local hai dificultades para utilizar o galego nalgúns concellos, e elimináronse case de vez as políticas de fomento:

- A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, obriga a subir ao portal de transparencia os procedementos relacionados con contratos, adjudicación ou convenios. Ao ser un portal estatal esta información debe ser subida en castelán facendo que por motivos de operatividade e eficacia os concellos elaboren esa documentación exclusivamente en castelán para non duplicar esforzos. A pesar das modificacións desta lei até 2022, non se emendou para permitir o uso de linguas diferentes do español.
- A privatización de servizos municipais e/ou a súa subcontratación motiva que moitos se deixen de prestar en galego non dando nin sequera opción de atención en galego. O uso exclusivo do castelán nos apartados de perfil do contratante, transparencia e banca electrónica, nos bancos, empresas de concesión de servizo de augas e outros non ofrecen a posibilidade de uso do galego en trámites esenciais como pagamento de taxas, impostos, multas... Na actualidade son moitas as entidades nas que a opción de galego non é posíbel na banca electrónica ou presencial.
- Non se lle exixen garantías de respecto aos dereitos lingüísticos da cidadanía ás empresas concesionarias da administración.

- Moitos cargos públicos no concellos exprésanse exclusivamente en castelán e néganse a face-lo en galego, contravindo mesmo ordenanzas e disposicións desas mesmas administracións locais. Algúns dos concellos máis importantes estanse a caracterizar por unha política de exclusión do galego, deixando de ter o galego como lingua de traballo.
- Apenas medio cento de concellos dispoñen de servizos de normalización lingüística (SNL) para exercer as súas competencias nesta materia e só 16 deles (nove na Coruña e sete en Pontevedra) cobren esta función con persoal fixo ou funcionario, ao que habería que engadir a paralización da coordinación desde a Xunta dalgunhas das accións deses servizos de normalización lingüística municipais. Aínda que esa coordinación sempre fora moi escasa e débil, coa constitución da Rede de Dinamización Lingüística en 2011 ficou totalmente paralizada. A esta rede, unha asociación voluntaria vinculada á Secretaría Xeral de Política Lingüística, están adheridas unhas 150 entidades locais, mais sen significar esa adhesión ningún tipo de compromiso nin acción a favor do galego, e sen nin sequera contaren a gran maioría desas 150 entidades con servizos técnicos para o fomento do galego. De feito, esa Rede de Dinamización desenvolve actividades principalmente de carácter cultural nos municipios (exposicións, representacións teatrais, contacontos, etc.), mais non planifica nin desenvolve accións de dinamización lingüística nin nos ámbitos administrativos, nin nos empresariais, hostaleiros, asociativos, etc.
- Que a Secretaría Xeral de Política Lingüística centrarse a súa acción nos concellos a través desa Rede significou que deixou de promover as xa escasas intervencións conxuntas entre diferentes SNL, e fixo que desde os concellos estes departamentos técnicos fosen percibidos como prescindíbeis, o que favoreceu o peche de moitos deles e, polo tanto, a paralización real de accións de fomento do galego no ámbito da administración local.

A todo isto cómpre sumar a xa mencionada sentenza 89/2016 do TSXG a respecto da Ordenanza de uso do galego na administración municipal de Lugo<sup>32</sup>, ratificada en 2019 polo Tribunal Supremo. Esta sentenza foi un freo á evolución positiva de moitos concellos galegos, que comezara en 1986 de cara a unha regulación do uso do galego que permitise a súa utilización por parte da cidadanía en todas as relación co concello, e que se estaba a asentar con lentitude nos últimos 30 anos.

Esta sentenza ataca elementos da política de normalización da lingua galega completamente asumidos e apoiados maioritariamente pola pobo galego, como evidencia o feito de seren aprobados e acordados con total unanimidade das forzas políticas con representación institucional. Entre eles, a rotulación en galego das sinalizacións públicas, o carácter de lingua propia e oficial de Galiza e as súas institucións e o dereito a empregar a lingua propia con absoluta normalidade.

Embora a lexislación e acordos favorábeis á lingua galega sexan poucos e limitados, a vontade xeral por repor, rehabilitar e normalizar o noso idioma, ficara claramente reflectida en textos como o Estatuto de Autonomía de Galiza (1981), a Lei de normalización lingüística (1986), a Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais (1996), o Plan xeral de normalización da lingua galega (2004), e mesmo na ratificación en 2001 de tratados internacionais como a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas ou outros acordos como a Declaración universal de dereitos lingüísticos.

A sentenza 89/2016 ponlle o carimbo de legalidade e lexitimidade á discriminación de usuarias e usuarios de servizos públicos privatizados por razón de lingua, ao primar o suposto dereito de descoñecemento do galego por parte das empresas fornecedoras de servizos á administración municipal fronte ao dereito a empregalo e ser atendido en igualdade de condicións por parte das e dos cidadáns. Este aspecto contravén ademais o contemplado no parágrafo 3 da Carta europea das linguas rexionais e minorizadas.

<sup>32</sup> Sentenza 89/2016. Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

<http://www.poderjudicial.es/search/contenidos.action?action=contentpdf&datasematch=AN&reference=7620998&links=uso%20do%20galego%20lugo&optimize=20160316&publicinterface=true>.



Na mesma liña de involución constatamos como argumentos semellantes contra calquera avance mínimo para o galego están a reproducirse noutros concellos mesmo contra aspectos asentados pola xurisprudencia.

Cómpre sinalar aquí, respecto da aplicación da Lei 39/2015 de procedemento común das administracións públicas como na maior parte dos casos é o Estado quen actúa como se o artigo 15.1 só contemplase a posibilidade de tramitación en castelán, como foi sinalado no propio Congreso dos Deputados a través de pregunta parlamentaria<sup>33</sup> e a cidadáns que pretenden facer uso da posibilidade de escoller en lingua oficial no seu territorio.

É importante sinalar que a suposta liberdade de escolla é falsa de non existir igualdade de condicións e de disposición para as linguas en cuestión.

Por último é preciso sinalar que a Lei de normalización lingüística de Galiza sinala no seu artigo 10 que a única toponimia oficial é a galega. Porén, é cada vez máis abundante a utilización de toponimia deturpada por parte de representantes públicos no exercicio das súas funcións, de organismos públicos, empresas públicas de transporte e mesmo as radios e televisións públicas.

#### **PARÁGRAFO 3**

*No que respecta aos servizos públicos proporcionados polas autoridades administrativas ou outras persoas que actúen no seu nome, as partes comprométense, no territorio no que se empregan as linguas rexionais ou minoritarias, de acordo coa situación de cada lingua e na medida en que sexa razoablemente posíbel, a:*

*a) Garantir que as linguas rexionais ou minoritarias se empreguen na prestación do servizo;*

Este obxectivo incúmprese na maioría dos casos. Como xa sinalamos, un problema cada vez máis estendido co que nos temos que encontrar é que a privatización de servizos municipais e/ou a súa subcontratación motiva que moitos se deixen de prestar en galego non dando nin sequera opción de atención en galego, baixo o argumento de seren empresas foráneas.

Non se lle exixen garantías de respecto aos dereitos lingüísticos da cidadanía ás empresas concesionarias da administración.

Os servizos públicos dependentes da administración do Estado non garanten en xeral a prestación do servizo en galego tal e como foi sinalado. Porén, no caso de servizos externalizados, esta situación afecta tamén á administración local e autonómica.

A situación de inseguridade no uso do galego nas relacións con empresas privadas concesionarias de servizos públicos tamén é utilizada por estas empresas par mellorar a súa posición en situacións de conflito de intereses alleos á lingua.

#### **PARÁGRAFO 4**

*Co fin de aplicar as disposicións dos parágrafos 1, 2 e 3 por elas aceptados, as Partes comprométense a adoptar unha ou máis das seguintes medidas:*

*b) Contratación e, no seu caso, formación dos funcionarios e outros empregados necesarios para os servizos públicos;*

As consideracións formuladas polo Comité de Expertos en anteriores informes con respecto ao non cumprimento deste obxectivo por parte do Estado continúan a ser totalmente válidas, pois nada mudou en positivo.

<sup>33</sup> Pregunta sobre Incumprimento por parte da Axencia tributaria dereitos cidadáns galegos na declaración IRPF. Congreso dos Deputados. Número de Rexistro: 0036056. 30/05/2017.

Tal como indicado, a convocatoria de acceso á función pública estatal non contempla como requisito para traballar en Galiza o coñecemento da lingua propia. Ao non estar fixado este requisito a formación fica á vontade do funcionariado. Como se comentou, a información remitida polo Estado respecto da formación en galego do funcionariado é abondo ilustrativa.

#### PARÁGRAFO 5

*As Partes comprométense a permitir o emprego ou adopción de patronímicos nas linguas rexionais ou minoritarias a petición dos interesados.*

Malia que houbo avances legislativos para simplificar o proceso, continuamos a constatar casos nos que algúns responsábeis dos rexistros impiden a inscrición de patronímicos en galego.

Algúns xulgados teñen manifestado dúbidas sobre a legalidade de favorecer a restitución de apelidos castelanizados baseándose nunha circular do Rexistro Civil Central dependente do Ministerio de Xustiza que sinala que non se deben corrixir aqueles apelidos que xa forman parte do chamado «acervo nacional»<sup>34</sup>. Un caso significativo foi o dun cidadán á que se lle negou a posibilidade de restituír á forma correcta o apelido Lousada por Losada aludindo á interpretación citada, malia contar con informes científicos sobre a orixe do apelido certificados pola Real Academia Galega e a postura favorábel da fiscalía. Esta resolución da Dirección xeral do Rexistro Civil do 6 de abril de 2018, está a motivar a denegación sistemática do dereito á restitución do apelido contemplada na lexislación e prohibe na práctica a adopción de patronímicos na lingua propia, tal e como sinala este artigo da CELRM.

## Artigo 11. Medios de comunicación

A día de hoxe, a porcentaxe de uso do galego nos medios de comunicación é inferior á que existía na década dos oitenta. Multiplicáronse os medios en español e os medios públicos do Estado contan cunha mínima porcentaxe de emisións en galego.

#### PARÁGRAFO 1

*As partes comprométense, para os usuarios das linguas rexionais ou minoritarias nos territorios nos que se falan as devanditas linguas, segundo sexa a situación de cada lingua, na medida na que os poderes públicos directa ou indirectamente teñan competencias, atribucións ou xoguen un papel neste ámbito, respectando o principio de independencia e autonomía dos medios de comunicación, a:*

- a) Na medida na que a radio e a televisión teñan unha misión de servizo público:*
  - i) Asegurar a creación de, polo menos, unha emisora de radio e unha canle de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias;*

Temos que constatar a consolidación da deriva negativa na que entrara xa en períodos de avaliación anteriores a Radio Televisión Pública do Estado (RTVE), que reducira drasticamente as súas emisións en galego en TVE e en RNE. O contido en galego das desconexións de TVE continúa reducido á mínima expresión, e en relación a RNE non só non se fixo nada por recuperar as emisións de Radio 4 en galego, senón que a recente remodelación de Radio 5 consolidou a eliminación do galego das súas desconexións.

<sup>34</sup> «Resolución de 6 de Abril de 2018. II.4.1 Adecuación del apellido al gallego».

[https://www.mjusticia.gob.es/eu/AreaTematica/DocumentacionPublicaciones/InstLibraryRegisterNotary/Resoluciones\\_de\\_la\\_Direccion\\_General\\_de\\_los\\_Registros\\_y\\_del\\_Notariado.\\_Abril\\_2018.PDF](https://www.mjusticia.gob.es/eu/AreaTematica/DocumentacionPublicaciones/InstLibraryRegisterNotary/Resoluciones_de_la_Direccion_General_de_los_Registros_y_del_Notariado._Abril_2018.PDF).

A este respecto o propio informe do Estado reconece que a emisora de radio e televisión pública española RTVE só emite en galego 25 minutos de luns a venres nas 5 canles de tv (120 horas ao día) que aumenta a só 60 minutos diarios na radio (72 horas en 3 emisoras).

Esta falta de apoio por parte dos medios de comunicación públicos supón que a porcentaxe de galego no conxunto das emisións televisivas e radiofónicas se reduza máis ano tras ano, coas seguintes consecuencias negativas para a lingua de Galiza.

As únicas emisoras integramente en galego son as da CRTVG, porén, é especialmente grave a insuficiencia ou carencia, segundo os casos, dunha programación destinada á poboación infantil e xuvenil no noso idioma. A programación para este segmento de poboación está limitada ao emitido pola TVG2 o que supón sobre o conxunto da programación para esta idade era, en 2017, de 73 horas semanais<sup>35</sup>. Ao final deste periodo de avaliación a programación infantil e xuvenil reduciuse a 20 horas semanais, un 0,83% do total emitido, tal e como revelou o estudo<sup>36</sup> realizado pola Mesa pola Normalización Lingüística.

### Canles infantís ofertadas

Canles infantís ofertadas	Operadoras	Disposición en operadoras	Horas de emisión en galego/día (de 2.ª a 6.ª feira)	Horas de emisión en castelán/día
Baby TV	1	Movistar	—	24
Boing	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Canal Panda	1	Vodafone	—	24
Clan (pública estatal)	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Disney Channel	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Disney Junior	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Disney XD	1	Vodafone	—	24
DreamWorks	3	Movistar, Orange, R	—	24
Enfamilia	1	Movistar	—	24
Lolly Kids	1	R	—	24
Nickelodeon	3	Movistar, Orange, R	—	24
Nickelodeon Junior	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Nickelodeon Ykpaiha Pluto TV (Ucraina)	2	Movistar, R	—	—
TVG2 (pública galega)	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	2 h 55'	—
Total			2 h 55'	288 h
Porcentaxe galego			0,83%	99,17%

<sup>35</sup> «A situación da lingua galega na programación infantil». A Mesa pola Normalización Lingüística, 2017. <https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/a-situacion-da-lingua-galega-na-programacion-televisiva-infantil-pdf.pdf>.

<sup>36</sup> «Informe Xabarin 2023. O galego nos contidos infantís e xuvenís dos principais servizos audiovisuais de televisión». A Mesa pola Normalización Lingüística 2023. <https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/Informe-Xabarin-2023.pdf>.

**b) Fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha emisora de radio nas linguas rexionais e minoritarias;**

Continúa a incumprirse totalmente este obxectivo xa que non hai ningunha emisora de radio privada que emita principalmente en galego para todo o territorio. Agás na Radio pública (Radio Galega) que emite en galego, no resto de emisoras existentes no territorio de Galiza continúa a ser marxinal.

Outra cousa son as emisoras locais que por proximidade ao seu público emiten en galego e buscan alternativas para compartir contidos e novas en galego, en condicións de apoio da administración pública en evidente inferioridade respecto ás que emiten en español. É o caso de EMUGA-Radiofusión.

**c) Fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha canle de televisión nas linguas rexionais e minoritarias;**

O incumprimento deste compromiso é total. Nas televisións privadas que emiten para o conxunto do Estado o uso do galego foi totalmente inexistente. Na única televisión privada de ámbito autonómico que emitiu entre 2014 e 2016 para o conxunto de Galiza a programación en galego é moi reducida, sen que a Xunta fixese nada por garantir que se cumprise a porcentaxe mínima establecida na concesión da licenza (50%). Neste momento non hai ningunha canle privada emitindo en galego só para todo o territorio galego a través da TDT.

O número de canles de tv que operan en Galiza neste momento é de 26 na TDT e dunha media de 150 a través das diferentes operadoras de tv e telefonía. Coas emisións das dúas canles da CRTVG e os 25 minutos diarios de TVE, as emisións televisivas en galego son o 7,77% na TDT e 1,34% de media nas principais operadoras.

**d) Fomentar e/ou facilitar a produción e distribución de obras sonoras e audiovisuais nas linguas rexionais ou minoritarias;**

Tamén no ámbito das axudas públicas concedidas ao sector audiovisual houbo importantes recortes.

As producións audiovisuais galegas continúan sufrindo importantes dificultades de distribución nas salas comerciais, sobre todo as versións en galego, sen que a Xunta se implicase en mudar isto. Así, malia ser certo que existen axudas á produción, non se fai nada por garantir que sexan rodadas en versión orixinal en galego nin para promover a distribución destes produtos audiovisuais mesmo dos dobrados ao galego.

Premido pola sociedade civil e as iniciativas impulsadas nos Concellos e no Parlamento, o goberno galego accedeu a tentar chegar a acordos con Netflix para a dobraxe de filmes a galego. Contodo, o compromiso da Netflix só chega á dobraxe de 10 filmes ao ano e a lexendaxe de 65 e, aínda que na realidade é superior (só dobrados ao galego ten 22 títulos), só supón o 1,44% dos seus contidos. En conxunto Nas plataformas estatais a presenza do galego é do 0,28% e do 1,1% nas internacionais. A este respecto compre sinalar que a actual Lei xeral de comunicación audiovisual<sup>37</sup> contempla a obrigatoriedade dun mínimo de 1,5% de contidos en galego nas plataformas de tv privadas estatais e un 2,5% nas públicas.

<sup>37</sup> Ley general de comunicación audiovisual. BOE (8/7/2022).  
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-11311>.

Afectadas pola lei audiovisual (un mínimo do 1,5% do catálogo ten que ser en cada lingua propia oficial das comunidades autónomas)

	Xeral		Infantil e xuvenil	
	En castelán	En galego	En castelán	En galego
RTVE Play	743	4	140	—
MiTele	140	—	27	—
Atresplayer	6795	—	100	—
Filmin	9386	29	270	2
Movistar +	1924	2	177	—
<b>Total</b>	<b>18.988 (100%)</b>	<b>35 (0,18%)</b>	<b>714 (100%)</b>	<b>2 (028%)</b>

Excluídas da lei audiovisual. Só obrigadas a establecer un código de autorregulación que debería ter entrado en vigor en xaneiro do 2023 mais que aínda se descoñece

	Xeral		Infantil e xuvenil	
	En castelán	En galego	En castelán	En galego
Netflix	7340	106 (1,44%)	790	15 (1,89%)
HBO Max	365	—	194	—
Prime Video	7341	33 (0,44%)	379	—
<b>Total</b>	<b>15.046 (100%)</b>	<b>139 (0,92%)</b>	<b>1363 (100%)</b>	<b>15 (1,1%)</b>

Mesmo Plataformas públicas como RTVE Play ofrecen un catálogo xeral con só 2 títulos en galego (os outros 2 só son accesíbeis en versión dobrada a castelán) e 0 no infantil e xuvenil, mentres a canle temática infantil pública Clan TVE dispón dun 0% de galego nos seus contidos.

Precisamente esta situación motivou o lanzamento da Iniciativa Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística reuniu 33 000 sinaturas certificadas pola Xunta electoral (6 veces máis das requiridas legalmente) para que o parlamento debatese e, finalmente aprobase, tal e como sinala o informe do Estado, a futura posta en marcha de dúas novas canles de contidos audiovisuais dirixidos á mocidade, a través da CRTVG e dispoñíbeis en todos os paquetes básicas das operadoras de TV por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, dispoñíbel en todos os dispositivos e plataformas de contidos. Porén, neste momento non se realizou ningunha acción para dar cumprimento a este acordo parlamentario nin mostrou ningunha intención de o facer efectivo, a pesar da insistencia de diferentes entidades sociais e institucións.

Tampouco hai apoio á distribución de filmes estranxeiros dobrados ou lexendados para o galego: no período de avaliación non se distribuíu ningún filme lexendado nin dobrados ao galego nas salas de cine comerciais de Galiza. É así unha situación excepcional e única no conxunto das linguas que teñen rango de oficialidade no Estado español.

*e) Fomentar e/ou facilitar a creación e/ou mantemento de polo menos un periódico nas linguas rexionais ou minoritarias;*

O incumprimento deste artigo da CELRM vén derivado da discrecionalidade, arbitrariedade<sup>38</sup> e ausencia da promoción da lingua galega como criterio para a distribución das axudas públicas aos medios de comunicación. As condicións que se fixan, xa con anterioridade a 2017 e até hoxe, son discriminatorias cos medios en galego<sup>39</sup>.

Ademais de varias cabeceiras dixitais integramente en galego, neste momento publícase en Galiza un único xornal en papel diario (de martes a sábado) en galego. Este xornal cumpre os requisitos establecidos polas principais auditoras independentes (OJD e EGM) para ser considerado diario. Porén, a Xunta de Galiza vén excluindo sistematicamente das axudas concedidas aos medios de comunicación ao único xornal diario impreso en galego<sup>40</sup>. A razón «oficial» é que, segundo a Xunta, este xornal non é un «diario» por saír de terza feira a sábado; a pesar de que a OJD, entidade de recoñecida solvencia que audita este xornal, e cuxa auditoría é obrigatoria para poder participar na convocatoria, define como diario «aquela publicación diaria impresa en papel que se edita, co mesmo título, formato e características peculiares e universalmente recoñecidas como tales, catro ou máis días por semana». A isto debemos engadir que na Galiza ningún xornal se publica os 365 días do ano xa que o 1 de xaneiro, o Sábado Santo e o 25 de decembro non se publica nin distribúe periódico ningún.

Cómpre sinalar que esta axuda, que ascendeu en 2021 a un total de 1 255 000 €<sup>41</sup>, repartíuse só entre xornais cun uso exclusivo ou moi maioritario do español.

Noutra convocatoria, limitada a 30 000 euros, polo uso de galego en cando menos o 7%, os mesmos xornais cun uso de 93% de castelán, reciben a mesma cantidade que os xornais editados integramente en galego, e ademais mateñen convenios coa Xunta, tal e como indica a Xunta a través do informe do Estado, reciben unha axuda pola incorporación de tradutores automáticos, de dubidosa calidade, á que non poden acceder os medios publicados en galego por xa estaren en galego.

O mesmo acontece na contratación de publicidade institucional nos medios que publican en galego, que adoitan ficar excluídos, ao seren concedidos moitas veces en réxime de adxudicación directa, sen concorrencia competitiva. Serve como exemplo que até o mes de xullo de 2023 a única contratación de publicidade institucional pola Xunta de Galiza en *Nós Diario*, foi polo 17 de maio, Día da lingua galega.

Neste caso coidamos que ademais dun incumprimento claro do artigo 11 da *Carta*, existe tamén un ataque á liberdade de expresión tanto en relación ao uso do galego para exercela como posibelmente ao feito de estes xornais en galego manterem habitualmente liña editoriais discrepantes con algunhas accións do goberno galego.

***g) Apoiar a formación de xornalistas e demais persoal para os medios de comunicación que empreguen as linguas rexionais ou minoritarias;***

Non existe ningunha liña de actuación para a formación de xornalistas e outro persoal dos medios que empregan o galego.

<sup>38</sup> <https://www.publico.es/culturas/escandalo-subvenciones-feijoo-lengua-gallega.html>.

<sup>39</sup> <http://www.galiciainconfidencial.com/noticia/45086-axudas-polo-galego-voz-faro-suman-millon-prensa-dixital-galego-3400>.

<sup>40</sup> DOG. Resolución do 15 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se publican as axudas concedidas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211231/AnuncioG0595-151221-0009\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211231/AnuncioG0595-151221-0009_gl.html).

<sup>41</sup> Resolución do 27 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230331/AnuncioC3B0-270323-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230331/AnuncioC3B0-270323-0004_gl.html).

#### PARÁGRAFO 2

*As Partes comprométense a garantir a liberdade de recepción directa das emisións de radio e televisión dos países veciños nunha lingua usada de forma similar ou idéntica á unha lingua rexional ou minoritaria, e a non opoñerse á retransmisión das emisións de radio e televisión dos países veciños na devandita lingua. Así mesmo, comprométense a garantir que non se imporán restricións á liberdade de expresión e á libre circulación da información na prensa escrita nunha lingua empregada de forma idéntica ou similar á unha lingua rexional ou minoritaria (...).*

O incumprimento deste parágrafo é absoluto. Hoxe en día segue a ser imposible recibir en Galiza as emisións de radio ou televisión de Portugal, malia a proximidade lingüística e cultural e ser o portugués un Estado socio e aliado do español que amosou o seu interese en posibilitar esta recepción.

### Artigo 12. Actividades culturais e equipamentos

Malia vírense cumprindo en anteriores anos en maior ou menor medida os compromisos adquiridos no *Parágrafo 1* deste artigo pola Xunta de Galiza, detectamos importantes retrocesos que, alén do xa sinalado en relación a outros artigos da CELRM cómpre indicar:

- Dificultade de acceso e distribución de obras audiovisuais ou cinematográficas en galego nas salas comerciais.
- Redución das axudas á tradución de ou ao galego.
- Imposibilidade de acceso ás obras audiovisuais ou cinematográficas noutras linguas traducidas e/ou subtituladas ao galego. Agás as poucas ocasións nas que emite a TVG, non existe oferta nin nas salas de cinema comercial, nin en formatos alternativos (DVD, CD, plataformas dixitais).

En relación á dobre ao galego de filmes, en 2015 os créditos iniciais destinados a este fin pola CRTVG ascendían a tres millóns catrocentos mil euros (3 400 000 €) para o período 2011-2015. No período 2016-2018, esta cantidade reduciuse a 1 400 000€ case un 60%, cunha lixeira suba para o período de 2019 até a actualidade, chegando a 1 815 000 €. No entanto, é preciso indicar que segundo nos informan no sector estas non son as cantidades finalmente executadas, que adoitan estar entre o 50% e 70% do orzamentado.

Salvo algunha acción publicitaria para promocionar a programación de música ou actividades en galego nas festas, non se fixo ningunha acción para a presenza da lingua nestas actividades, que con frecuencia é a actividade cultural máis relevantes en numerosos concellos e parroquias de Galiza.

As dificultades de acceso a actividades e servizos culturais en galego nos concellos limítrofes co territorio galego e de fala galega son permanentes.

#### PARÁGRAFO 3

*As partes comprométense, na súa política cultural no estranxeiro, a dar un lugar apropiado ás linguas rexionais ou minoritarias e á cultura que as mesmas expresan.*

Entendemos que o compromiso expresado neste parágrafo non se está a cumprir, pois na política cultural do Estado para o estranxeiro (nas actividades organizadas polo Ministerio de Exteriores, do Ministerio de Cultura ou as programadas polo Instituto Cervantes) non se lle dá á lingua e á cultura galega o lugar que merece como cultura e lingua de seu, non subordinada nin dependente da producida en castelán.



## Artigo 13. Vida económica e social

### PARÁGRAFO 1

*Con referencia ás actividades sociais e económicas, as partes acordan, en todo o país:*

- a) Eliminar da súa lexislación calquera cláusula que prohiba ou limite sen causas xustificadas o uso de linguas minoritarias ou rexionais en documentos relacionados coa vida social ou económica, en concreto contratos laborais, así como en documentos técnicos como instrucións para o uso de produtos ou instalacións;*
- b) Prohibir a inserción en regulacións internas e documentos privados de compañías de calquera cláusula que exclúa ou restrinxa o uso de linguas minoritarias ou rexionais, polo menos entre usuarios da mesma lingua*
- c) Oporse a prácticas deseñadas para desaconsellar o uso de linguas minoritarias ou rexionais en relación con actividades sociais ou económicas.*
- d) Facilitar e/ou fomentar, por outros medios distintos dos contemplados no apartados anteriores, o emprego das linguas rexionais e minoritarias.*

Neste ámbito a Carta continúa a incumprirse en termos xerais, afectando ademais as discriminacións lingüísticas ás garantías para exercer outros dereitos, como a igualdade de oportunidades no acceso a un posto de traballo. A maioría dos convenios laborais continúan a non recoñecer expresamente os dereitos lingüísticos das traballadoras e traballadores.

Malia existir o compromiso expreso a través da CELRM, de prohibir regulacións internas que restrinxan o uso das linguas minorizadas, estes continúan a existir. Ilustra este caso a presión á que da empresa pública de servizos aeroportuarios Enaire<sup>42</sup>, dependente do Ministerio de Transportes, someteu a unhas traballadoras para que deixasen de empregar o galego no seu posto de traballo, baixo argumento de o director da zona de Galiza estar fóra de Galiza. A empresa pública, non satisfeita coa resolución favorábel á traballadora da inspección de traballo, acudiu aos tribunais, onde finalmente perdeu. Se isto acontece nunha empresa pública, á que se lle debe supor maior vixilancia no cumprimento da lexislación estatal, é fácil imaxinar o que acontece todos os días sen se chegar a denunciar.

Continúan a darse casos de acoso laboral e intimidacións por falar en galego e non hai un plan de actuación por parte do Goberno para que este tipo de situacións non se continúen a producir. Mesmo constatamos situación de presións a usuarios de servizos comerciais para que muden de lingua nas relacións coas empresas<sup>43</sup>.

O caso máis evidente desta situación é o do sector da atención telefónica, imprescindible en servizos básicos como auga, luz, telefonía, banca, seguros e mesmo administración pública. A deslocalización a terceiros países dos centros de chamada obriga á utilización exclusiva do castelán para quen quixer ser atendido, vulnerando o dereito de atención en galego. A reivindicación de opción en galego nestes servizos mobilizou miles de persoas en cidades como Vigo, Ourense e A Coruña, onde se concentran grande parte destes centros de chamadas en Galiza<sup>44</sup>.

Fronte ás máis de 200 disposicións que obrigan ao uso do castelán en actividades comerciais ou de información aos consumidores, só existe para o galego unha norma que ampara timidamente o uso do galego mais que non establece mecanismo para facelo efectivo.

<sup>42</sup> <https://www.amesa.gal/noticias/inspeccion-reprende-a-enaire-por-vulnerar-o-dereito-dunha-empregada-a-usar-a-lingua-galega/>.

<sup>43</sup> Informe A liña do galego 2016. A Mesa pola Normalización Lingüística. 2017.

<sup>44</sup> 900 empregos en perigo na Coruña polo desprezo ao galego.

<https://www.amesa.gal/noticias/noticias-da-mesa/900-empregos-en-perigo-na-coruna-polo-desprezo-ao-galego-na-empresa-extel>.



Continuamente constatamos a imposibilidade dos/as usuarios/as de servizos de empresas non só de seren atendidos en galego, senón que en moitas ocasión non se lles permite expresárense en lingua galega.

Para pór fin a esta situación e aplicar en Galiza o contemplado neste artigo da Carta, a Mesa pola Normalización Lingüística promoveu en 2017 a Iniciativa lexislativa popular para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico que contaba co aval inicial de 125 persoas dos ámbitos empresarial, académico, cultural e social. O número de apoios certificados oficialmente aproximouse ás 30 000 sinaturas. Ademais numerosas asociacións empresariais, culturais, de consumidores e sindicais manifestaron publicamente o seu apoio.

Finalmente esta ILP non foi tomada en consideración polo Parlamento Galego ao contar só cos votos favorábeis dos grupos parlamentares da oposición.

En calquera caso o amplo apoio social demostrou como existe unha vontade ampla para poder utilizar o galego en igualdade de condicións no ámbito socioeconómico, e que non é suficiente a elaboración de plans de actuación se non hai respaldo legal á utilización da lingua galega quer por consumidores, quer polo empresariado.

En relación ao apartado d) deste parágrafo o período que avaliamos caracterizouse pola inexistencia de axudas á galeguización das empresas. Tamén neste aspecto constátase a inutilidade da planificación se non existen axudas por vía directa ou indirecta para a introdución das mudanzas precisas. Mesmo nos casos de empresas co vontade de utilización do galego con normalidade, atópanse con problemas de tipo legal mais tamén con dificultades técnicas relacionadas coa inexistencia de programas informáticos en galego ou coa necesidade de asumir un gasto que non é compensado pola administración pública a través dos mecanismos de que dispón.

#### PARÁGRAFO 2

*No que respecta ás actividades económicas e sociais, as Partes comprométense, na medida na que as autoridades públicas teñan competencias, no territorio no que se empregan as linguas rexionais ou minoritarias e na medida na que sexa razoablemente posible, a:*

*a) Incluir nos seus regulamentos financeiros e bancarios disposicións que permitan, por medio de procedementos compatibles cos usos comerciais, o emprego das linguas rexionais ou minoritarias na redacción de ordes de pagamento (cheques, letras de cambio) ou outros documentos financeiros ou, no seu caso, garantir a aplicación das devanditas disposicións;*

Este obxectivo continúa a incumprirse. A inmensa maioría das entidades bancarias que operan en Galiza non dispoñen de documentación bancaria nin financeira accesíbel en galego, nin existe ningún tipo de regulación que protexa os dereitos lingüísticos dos galegofalantes neste ámbito. A venda das antigas caixas galegas (Caixa Galicia e Caixanova), que foran as entidades que nos períodos anteriores avanzaran na incorporación do galego á súa documentación, supuxo un grande retroceso neste ámbito. A entidade sucesora, Novagalicia Banco primeiro e despois Abanca, malia manter en xeral o uso do galego na publicidade, caixeiros, etc. deixou de disponibilizar a opción de galego en moitos contratos e trámites habituais.

Segundo o informe ao respecto elaborado pola Mesa pola Normalización Lingüística, non opera neste momento en Galiza ningunha entidade bancaria que permita realizar todos os trámites en galego. No que ten a ver coa banca electrónica só chegan ao 40% as entidades que permiten operacións básicas neste idioma<sup>45</sup>.

<sup>45</sup> O uso do galego nas páxinas web das entidades bancarias. A Mesa pola Normalización Lingüística, 2018.

*b) Nos sectores económicos e sociais baixo o seu control directo (sector público), realizar accións que fomenten o emprego das linguas rexionais ou minoritarias;*

Este punto da Carta tampouco se cumpre, e mesmo se constatan pasos atrás en relación con anteriores períodos de avaliación.

Non houbo tales actividades de promoción do galego. Empresas públicas como Renfe e Adif (servizos ferroviarios), Correos e Telégrafos ou Aena (aeropostos) só utilizan o galego parcialmente nalgunha da súa documentación externa máis formalizada, porén nos últimos anos hai unha deriva cada vez máis contraria a recoñecer a diversidade lingüística do Estado, e por exemplo no caso de Renfe déronse pasos atrás evidentes, mesmo incumprindo a lexislación estatal no referido á toponimia. Malia estar regulado que o persoal destas empresas debe atender a clientela en galego cando así o solicitar, nunca houbo suficiente persoal con capacidade de atención en galego nin hai programas de formación para solucionalo.

No que respecta á Xunta, tampouco se cumpre este punto e mesmo se vulnera a propia normativa autonómica. Non se contempla a utilización da lingua galega en empresas que asinan contratos co administración pública. Nin sequera a Consellaría de Educación e Cultura, que ten as competencias en normalización, e que nega a atención en galego en actividades formativas que subcontrata.

En materia de recursos contractuais, a Xunta de Galiza atribuíu ao Tribunal Central de Recursos Contractuales as súas competencias (BOE, 25 de Novembro de 2013). Xa que logo, todos os recursos especiais terán que ser redactados en castelán, o que só acontece no caso galego fronte ás outras linguas oficiais no Estado.

*c) Asegurar que os servizos sociais como hospitais, residencias de anciáns e albergues ofrecen a posibilidade de recibir e atender na súa propia lingua empregando unha lingua rexional ou minoritaria a aqueles que precisen cuidados por mor de enfermidade, a idade ou outras razóns;*

O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) está só formalmente galeguizado en parte da súa sinalización e da súa documentación. Porén, a maioría do persoal sanitario non está capacitado para atender en galego. Nin sequera a nivel escrito se garante este dereito. A Mesa denunciou casos moi graves nos que varios hospitais do SERGAS retrasaban durante meses operacións cirúrxicas de pacientes só por pediren asinar o seu consentimento informado en galego. A situación na sanidade privada é moito peor, cun uso nulo do galego.

A Consellaría de Traballo e Servizos Sociais caracterizouse neste último período polo retroceso no respecto ao galego. Por exemplo excluíu o galego da publicación da súa *Carteira de servizos sociais* e dificulta que os traballadores sociais poidan facer o seu traballo en galego elaborando un modelo de Informe social unificado só dispoñíbel en español.

As residencias de terceira idade utilizan de forma abrumadora o castelán en todas as súas actividades, a pesar de que as persoas maiores en Galiza son moi maioritariamente galegofalantes.

*d) Asegurar cos medios apropiados que as instrucións de seguridade se atopen tamén redactadas nas linguas rexionais ou minoritarias;*

Non se fixo nada por cumprir este obxectivo. Os anuncios de seguranza nos soares en construción, elevadores, instrucións en casos de incendio, etc, están na maioría dos casos en castelán, e non existe ningunha regulamentación ao respecto que garanta o dereito a que esa información estea en galego.

## Artigo 14. Intercambios transfronteirizos

A Carta sinala unha serie de obrigas para os intercambios transfronteirizos que son de aplicación ás relacións entre Galiza e Portugal:

- a) *Aplicar os acordos bilaterais e multilaterais existentes que os relacionan cos Estados en que se usa a mesma lingua de forma idéntica ou similar, ou cando sexa preciso procurar a conclusión de ditos acordos, para fomentar contactos entre usuarios da mesma lingua nos estados afectados, nas áreas da cultura, educación, información, formación profesional e permanente.*
- b) *Para o beneficio das linguas rexionais ou minoritarias, facilitar e/ou promover a cooperación entre fronteiras, en concreto entre as autoridades locais ou rexionais en cuxo territorio se usa a mesma lingua en forma idéntica ou semellante.*

Malia isto, os acordos institucionais que facilite ou favoreza os contactos entre Galiza e Portugal continúan a ser anecdóticos. O Estado non chegou a ningún acordo bilateral con Portugal neste sentido.

A cooperación entre as autoridades locais de Galiza e de Portugal, así como a propiciada polo Goberno galego, é practicamente anecdótica.

**A MESA** POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA